


CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

22-23 de decembro do 2018

IV DO TEMPO DO ADVENTO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
CO POBO DE SIRIA QUE SOFRE UNHA GUERRA INXUSTA,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE
E COA NATUREZA MALTRATADA POLOS INCENDIOS



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 *nº 38* *Que veña Deus á nosa terra*
SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos en comunidade no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

O evanxeo deste derradeiro domingo do advento pon diante de nós o exemplo de María. Vémola na espera de Xesús e visitando á súa curmá Sabela que tamén está encinta.

Na semana pasada preguntabámonos: nós que podemos facer? Aquí temos o exemplo: María preocúpase polos outros e vai botar unha man no momento de necesidade.

Nestes poucos días que quedan para o Nadal sexamos portadores de solidariedade con aqueles que máis precisan de nós: Teñamos presentes na oración de hoxe ás familias da nosa xente do mar que sofren pola ausencia dos seres queridos neste días. Teñamos presente a todos os que perden a vida fuxindo dos seus fogares cando so buscan acollida. Teñamos presente tamén ás Lauras que viven con medo esperando dignidade.

ACENDIDO DA COROA DO ADVENTO

Celebrante: *Rematamos o acendido da coroa do advento. Neste percorrido no agardar ao Señor quixemos atopar a luz que nos alumea no camiño da espera e o encontro con Deus e cos demais.*

Alguén se achega á coroa do advento mentres se canta

CANTO 🎵 n° 38 “que **veña** a luz á nosa terra”

Monitor/a:

Hoxe, última semana do advento deixámonos alumear polas persoas que, como Santa María, son exemplo: ¿que tería sido de nós e do mundo sen o bo facer das nais?

Deixámonos alumear pola luz de todas esas persoas que sabemos que están á nosa beira, que saben escoitarnos, que saben aconsellarnos.

Deixámonos alumear por todas esas persoas que nos demostran que son coherentes e que vale a pena fiarse dos seus consellos e dos seus feitos.

E acéndese unha das velas da coroa, mentres se canta

CANTO 🎵 n° 38 “que **medre** a luz na nosa terra”

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior; lembramos ás persoas que viven o sufrimento da morte de seres queridos e que esperan a luz da fe e do amor.

(silencio)

Deus, noso Pai,
enche coa túa graza os nosos corazóns.
Polo anuncio do anxo
déchesnos a coñecer a encarnación do teu Fillo.
Lévanos, polo seu evanxeo e pola súa vida,
á gloria do seu Reino de xustiza e paz.
Pedímoscho por Xesucristo,
que por Santa María se achega a nós
e vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Sabela agradece a axuda que lle ven dar Santa María. Aprendamos dela a agradecer todo o que recibimos dos demais.*

No Leccionario I – C páxina 12

LECTURA

LECTURA DO LIBRO DO PROFETA MIQUEAS

🎵 n° 7 “*Andarei na presenza do Señor*” **SALMO**

(en pé) No Leccionario I – C páxina 14

EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO

SEGUNDO LUCAS

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a Palabra no corazón

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro parroquial e querendo preparar os camiños para acoller a Xesús que ven onda nós, como María damos resposta da nosa fe diante dos demais dicindo:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a

Credes en Deus Pai, que acompaña os nosos camiños na procura dunha nova humanidade na que todos nos sintamos irmáns e nos deamos unha man?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús, que se achega a todos nós que nos convida a ser coherentes co evanxeo facéndoo vida máis alá de todas as rutinas?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito de Deus que nos alenta a compartir descubríndoo en toda persoa, e máis nas que están rodeadas de miseria?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa, terra e nai na que o Señor fai saír os gromos da paz e fai brotar as sementeiras do Nadal?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

(en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante Oremos ao Señor, noso Deus. Hoxe a nosa oración é tamén o noso compromiso por achegarnos aos que precisan dunha man. Oremos dicindo: **VISITA AO TEU POBO, SEÑOR**

Monitor/a

1. Rezamos para que colaboremos con Deus na súa intención de facer unha igrexa máis dada ao humilde e aos humildes. Oremos
2. Rezamos para que colaboremos con Deus no seu desexo de fraternidade, que os pobres sexan tidos en conta, e ás nosas sexan mans que axudan. Oremos
3. Rezamos para que colaboremos con Deus en apreciar, respectar e axudar a todas as nais e pais novos que hai no medio de nós. Oremos
4. Rezamos polos que nos días de Nadal sofren tristura, desesperanza, soidade... Que saibamos estar ao seu lado como fixo María con Sabela. Oremos
5. Polas mulleres que non se senten tratadas con respecto, polos migrantes que afogan fuxindo, polos mariñeiros que perderon a vida. Oremos

Celebrante: Así queremos camiñar e facer, como María, achegándonos a quen necesita unha man. Que nunca nos falte este bo facer, por Cristo, noso Señor. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Deus camiña cerca. Cerca de quen é capaz de amosar a tenrura de ser nai, cerca de quen está convencido de que sempre se pode dar unha man, de que sempre se pode compartir e estar á beira. Cerca de quen loita polo benestar da súa familia aínda que sexa pondo en perigo a súa vida no mundo do mar. Deus está en ti, en min, en nós, e xuntos queremos dicirlle

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante As nosas mans abertas falan de acollida, falan de ofrecer o mellor aos demais, falan de esforzo pola dignidade de todos.

Que o Deus da paz nos alente para ser luz de Nadal.

CANTO 🎵 n° 38 *Que medre a paz na nosa terra*

COMUÑÓN

Celebrante: Compartimos a mesa coa que Deus nos agasalla. Fagamos sitio a Aquel que quere nacer no medio de nós no Nadal.

Ditosos todos nós convidados hoxe a este pan do Señor.

CANTO n° 38 *Que medre a (fe, vida, ben, amor ...)*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante

Oramos a ti, Señor,
e pedimos que volvas para nós
os teus ollos compasivos e cheos de agarimo.
Fai que o noso compartir de cada día
nos achegue a celebrar
as vindeiras festas do Nadal
coa mesma ilusión e esperanza
que mostrou Santa María.
Pedímoscho a Ti que vives e reinas
por sempre eternamente. Amén

O Señor está á porta e chama.

Abramos o noso corazón para recibilo no Nadal.

Compartamos con todos o noso encontro co Neno Deus.

Avísase das misas (ver folla do mes) e tamén as visitas a celebrar no Nadal. Comunicarlllo aos párrocos ou a algunha das voluntarias de Caritas de Os Cotos.

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén*